

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN PROVISIONAL DA VALORACIÓN DAS SOLICITUDES INICIAIS PARA O USO DOS LOCAIS DO CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS**

### **ANTECEDENTES**

- O Concello de San Sadurniño dotouse dun Centro Municipal de Empresas (CME), situado no edificio anexo ao Pazo da Marquesa
- No BOP nº 208 do 03/11/2016 publicáronse a ordenanza fiscal e o regulamento do CME
- Entre o 04/11/2016 e o 04/01/2017 abriuse un prazo inicial para que as persoas, empresas ou entidades interesadas puidesen presentar as súas solicitudes para facer uso dos servizos do CME. Posteriormente a estas datas a convocatoria de locais queda aberta de maneira permanente
- Un dos servizos do CME é o uso dos locais dispoñibles, e o artigo 10 do Regulamento do CME establece o réxime das solicitudes
- O artigo 12 do devandito regulamento desenvolve o proceso de avaliación das solicitudes
- Con data do 16/01/2017 recíbese no Rexistro municipal unha solicitude de locais do CME
- Con data do 23/01/2017 esta Alcaldía emitiu unha resolución para a creación da Comisión técnica de valoración das solicitudes para o uso dos locais do CME
- Con data do 26/01/2017 a dita Comisión emite o seu informe de valoración.

Tendo en conta estes antecedentes

### **RESOLVO**

1. Aprobar a seguinte valoración provisional da solicitude presentada o 26/01/2017 para o uso de locais do CME, coa puntuación obtida e indicando o local que lle correspondería segundo o indicado nos impresos de solicitude e a e a dispoñibilidade de locais baleiros:

<b>Nº de solicitude</b>	<b>Persoa / Entidade solicitante</b>	<b>Puntuación</b>	<b>Local concedido</b>
8	Carlos Rodríguez Francás	14	6 (provisional)

2. Instar aos servizos municipais para que se expoña a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

3. A persoa solicitante poderá efectuar as reclamacións debidamente documentadas que estime oportunas no prazo de 10 días naturais contados dende a data de publicación desta resolución.

San Sadurniño, 27 de xaneiro de 2017

O Alcalde



Secundino García Casal